



CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE DESEÑO DO CARTEL DO NADAL 2024/2025

1.- OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios de participación no concurso de deseño do cartel de Nadal, organizado polo concello de Ribeira.

2.- REGULAMENTO PARA A PARTICIPACIÓN

2.1- Funcionamento:

- Poderán participar todas as nenas e os nenos empadroados no municipio de Ribeira que estean escolarizados nos niveis de infantil e primaria dos centros escolares do Concello de Ribeira. De forma excepcional tamén poderán participar, as e os menores de idade que cursen estudos en infantil e primaria na actualidade en calquera centro educativo do municipio aínda que non estean empadroados no concello de Ribeira.

- Cada neno/a só poderá participar cunha creación.

- O tema da obra deberá estar relacionado co Nadal.

- A obra, que deberá presentarse sen texto ningún, farase en cartolina ríxida ou material semellante. O tamaño non poderá ser maior dun A-3 nin menor dun A4. A técnica será libre: cera, colaxe, acuarela, rotuladores, témpera...

- As obras deben ser orixinais e inéditas, polo tanto non poden ser obxecto de ningún outro premio, nin ser publicadas ou presentadas noutros concursos.

- Cada traballo asinarase pola parte traseira con pseudónimo.

- Xunto co traballo entregarase un sobre pechado cos seguintes datos indicados no exterior: o pseudónimo utilizado na obra e a idade do concursante. No interior o sobre conterá: o nome e apelidos da nena ou neno, data de nacemento, curso e centro de ensino, lugar de residencia así como teléfono de contacto dos seus proxenitores/titores legais (aos efectos de comunicarlle o premio). Este sobre presentase pegado pola parte posterior do traballo.

- No caso de que as obras presentadas a concurso sexan entregadas no seu conxunto polo centro educativo dos/das participantes, deberase presentar un sobre pechado cos datos indicados e pegado detrás de cada obra ou, no seu defecto, un único sobre pechado que no seu interior conteña unha listaxe dos participantes cos seguintes datos obrigatorios: pseudónimo da obra, nome e apelidos da nena ou neno, data de nacemento, curso, lugar de residencia e teléfono de contacto dos seus proxenitores/titores legais ou do centro educativo (aos efectos de comunicarlle o premio).

- Calquera traballo que non presente as características esixidas quedará fóra do concurso.



FIRMANTE - FECHA

ANTIA ALBERTE MANEIRO-Concelleira delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal - 25/09/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2024 14:00:01

EXPEDIENTE ::
20240TCU000067

Fecha: 23/09/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL





-De consideralo factible, poderase realizar unha mostra con todos os traballos presentados, que poderá ser exposta de xeito tradicional ou dixital a través dos distintos medios, o cal será comunicado publicamente no seu momento.

2.2.- Prazo:

- As obras orixinais xunto co sobre de datos, deberán remitirse **ata o día 15 de novembro de 2024**, ao Centro Cultural Lustres Rivas (R/Manuel Lustres Rivas, 20, 2º andar, dereita, CP 15960, Ribeira), podendo tamén ser entregadas de xeito presencial en horario de 9 a 14h.

3.- PREMIOS

Estabécese un único premio de 150 € para o gañador/a do concurso para mercar no comercio local, distribuído en dous bonos de 100€ e 50€.

3.1.- Caducidade de premios:

No suposto de que o premio non fose recollido na Concellería de Cultura antes do prazo dun mes dende a comunicación do agraciado, perderá a súa validez e non será entregado á persoa interesada. A persoa gañadora terán que canxear os bonos nos establecementos sinalados como máximo ata o 31 de xaneiro de 2025.

4.- XURADO

O xurado estará composto por tres persoas vinculadas á Cultura e pola concelleira desta área ou a persoa en quen delegue. A decisión do xurado será inapelable. A decisión do xurado poñerase en coñecemento do centro de ensino da nena ou neno galardoado, ou comunicarse por teléfono aos proxenitores/titores legais no seu caso, organizando un acto público ao longo do mes de decembro para a entrega do premio.

5.- ACEPTACIÓN DAS BASES E AUTORIZACIÓNS EN CANTO Á L.P.D.

A mera participación neste concurso supón a aceptación plena de todas as bases, así como a autorización á entidade organizadora a empregar a imaxe e datos da persoa gañadora no concurso para os efectos de publicidade do resultado do mesmo.

Así, aos efectos do establecido na Lei Orgánica 3/2018 de protección de datos e RGPD, o Concello de Ribeira comunica que estes datos de carácter persoal forman parte dun ficheiro na área de Cultura, podendo exercer os seus dereitos ARCO na seguinte dirección de correo postal: Praza do Concello, s/n, CP 15960, Ribeira (A Coruña).

O incumprimento dalgunha destas bases supón a privación de todos os dereitos que poidan derivar da participación da campaña.

No caso de que algunha persoa premiada ou agraciada renuncie a algún premio deberá formalízalo por escrito na Concellería de Cultura no mesmo prazo fixado para a reclamación do premio; unha vez rematado o prazo, o premios e vales/bonos do sorteo non canxeados perderán a súa validez e non poderán ser reclamados.

Ribeira, na data da sinatura dixital.

Antía Alberte Maneiro
Concelleira de Cultura

